

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO PARA DIFUNDIR, ESTUDAR E PRESERVAR A OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO

En Santiago de Compostela, 11 de abril de 2017

REUNENSE

Don...., conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don...., presidente da Fundación Rosalía de Castro, con CIF número..... e domicilio social na....., que actúa no seu nome e representación en virtude do artigo 17 dos estatutos fundacionais.

EXPOÑEN

1. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.
2. Que, no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as competencias en materia de política lingüística para o que ten que xestionar e coordinar actuacións

para potenciar e fomentar o galego, o libro e a literatura galegas, así como promover a docencia e a investigación sobre lingua e literatura. Para este fin precisa colaborar, na medida do posible, coas diversas institucións ou entidades que actúan no ámbito autonómico para potenciar e achegar o idioma galego a todos os ámbitos sociais.

3. Que as partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, de colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, establecendo unha dinámica de participación con entidades, privadas e públicas, para apoialas e promover actividades que faciliten o emprego do galego no seu funcionamento ordinario e nas súas actuacións.
4. Que as asociacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro xogan un papel destacado no labor dinamizador. Concretamente unha destas entidades é a Fundación Rosalía de Castro que ten como obxectivo principal fomentar, manter e divulgar a vida e obra de Rosalía de Castro. Para tal fin, no ano 1997 creou o Centro de Estudos Rosalíanos (en adiante CER) no que se constitúe a biblioteca e o arquivo rosaliano e no que se realizan labores de investigación e estudos cos que se pretende esclarecer e explicar con rigor intelectual aspectos da vida e da obra literaria da escritora.
5. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Rosalía de Castro, dende o ano 2000 veñen colaborando, mediante a sinatura de convenios, na realización de diversas actividades arredor da vida e obra de Rosalía de Castro, entre as que figura a publicación do *Anuario de Estudos Rosalíanos*, que recolle as investigacións que se realizaron sobre a escritora. Con posterioridade, incluíron nesta colaboración a realización de labores de estudo, investigación e divulgación da obra da escritora.

6. Que dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver dentro do convenio, soamente poderán levarse a cabo pola Fundación Rosalía de Castro que, ademais, dispón de medios humanos e técnicos a través do persoal da propia Fundación. Trátase dun referente único e exclusivo en Galicia e, polo tanto, non resulta posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.
7. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Rosalía de Castro, que teñen un interese común e coincidente que é o de promover e potenciar a lingua galega, manifestan a súa vontade de continuar coa súa colaboración, xa que a consellería considera de especial interese para o fomento da lingua e da cultura galega as actividades que desenvolve esta entidade.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un novo convenio de colaboración para o ano 2017, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Fundación Rosalía de Castro para colaborar na actualización do pensamento e memoria da escritora, así como no estudo e divulgación da súa obra.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a coñecer con rigor intelectual a súa figura, produción e publicacións e continuar cos labores de recompilación da súa obra para completar a biblioteca e o arquivo rosaliano de xeito que poda ser consultada polos investigadores e estudosos desta ilustre representante da literatura galega.

Segunda.- Obrigas da Fundación Rosalía de Castro

Mediante a sinatura deste convenio, a Fundación Rosalía de Castro comprométese a realizar en lingua galega as seguintes actuacións:

- **Celebración do Día do Libro**

A fundación organizará un festival de lectura no que participará o alumnado dos centros escolares da contorna.

- **Maio Rosaliano**

Con motivo do aniversario da publicación de Cantares Gallegos, e Día das Letras Galegas, ao longo deste mes a Fundación organiza diversas actividades en torno á figura de Rosalía de Castro. Son as seguintes:

- Entrega dos premios Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra a persoeiros destacados no ámbito da cultura cun acto literario.
- Recital poético en galego do alumnado da contorna.

- **Conmemoración do aniversario do pasamento de Rosalía de Castro**

- Ofrenda na Campa do Cemiterio de Adina e no Panteón de Galegos Ilustres
- Conferencia e Recital poético, entorno á figura de Rosalía de Castro, e intervención musical.

- **Aula da Diversidade:**

A fundación organizará recitais en lingua galega para todos os públicos ao longo do ano na Casa-Museo, nos que participarán distintos grupos poéticos, asociacións culturais e clubs de lectura.

- **Centro de Estudos Rosalianos (CER)**

- Ampliación dos fondos bibliográficos da Biblioteca Rosaliana.
- Continuar cos traballos de recompilación de obras, textos inéditos e poemas de Rosalía de Castro, así como dos estudos e traballos de investigación sobre a súa vida e obra e aqueloutros que sexan necesarios para publicar e divulgar a obra rosaliana.
- Edición de publicacións da Fundación.
- Actualización e mantemento da Páxina web, perfil de Facebook e Twitter
- Envío gratuíto de lotes de libros aos centros culturais, asociacións, colexios, etc,etc,.

A Fundación encargarse, a través do CER, de levar a cabo todos os traballos de recompilación de obras, textos inéditos e poemas de Rosalía de Castro; estudos e traballos de investigación sobre a súa vida e obra e aqueloutros que sexan necesarios para publicar e divulgar a obra rosaliana.

A Fundación encargárase de organizar, administrar, xestionar e contratar o persoal e as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas no convenio e facilitará os medios técnicos e humanos de que dispón para a súa realización.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e a explotación dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Terceira.- Fondos documentais do CER

Por mutuo acordo das partes asinantes, os fondos documentais do CER que pasen a constituír a biblioteca e arquivo rosaliano poderán ser accesibles para os estudosos e investigadores da obra rosaliana de maneira gratuíta, e en todo caso, baixo a responsabilidade da fundación sobre os dereitos de propiedade intelectual que poidan derivarse do acceso aos citados fondos documentais.

Cuarta.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Quinta.- Financiamento

O custo total das actividades previstas neste convenio ascende a un total de **vinte e seis mil euros (26.000,00 €)**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización das actividades obxecto deste convenio cunha cantidade de **vinte e cinco mil euros (25.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria 10.30.151A.640.6, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.
- A Fundación achegará a cantidade restante de **mil euros (1.000,00 €)** para a realización das actividades previstas.

Así mesmo, asumirá os gastos de funcionamento do CER que se lle orixinen como consecuencia da realización das actividades do convenio e que se refiran aos fondos bibliográficos, estudos e traballos de investigación sobre a obra rosaliana, os pagamentos do persoal e calquera outro que sexa necesario par ao bo desenvolvemento dos proxectos.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Sexta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

Para percibir a cantidade que achega a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Fundación presentará electronicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2017, a seguinte documentación:

- Certificación (dúas copias) da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.
- Unha certificación de que as contas anuais da fundación foron presentadas ao protectorado e depositadas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. (art.38 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego).
- Un informe (dúas copias en soporte papel e unha copia en soporte informático) de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

No caso de que se publiquen traballos entregaranse un mínimo de tres exemplares para control das actividades que se prevén no convenio.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diminuírase proporcionalmente.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para cada pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A Fundación facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima.- Utilización da Lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerárase causa específica de resolución deste convenio.

Oitava.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Novena.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Décima.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décimo primeira.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento constituída por dous representantes de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes da Fundación Rosalía. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo segunda.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo terceira.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito

que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo cuarta.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan tres copias deste convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O presidente da Fundación
Rosalía de Castro